BOP DEPUTACIÓN DE LUGO

MÉRCORES, 4 DE AGOSTO DE 2021 N.º 177

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA

Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, rede de sumidoiros, recollida de lixo e canon da auga do 1º trimestre do exercicio 2021.

Por Resolución da Alcaldía de data vinte e oito de xullo de 2021, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, rede de sumidoiros, recollida de lixo e canon da auga, correspondente ao 1º trimestre do exercicio 2021, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación contra o mesmo.

O prazo de cobro en período voluntario será de un mes: Dende o 2 de agosto ao 2 de setembro de 2021.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas ao mesmo e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, de acordo con canto establece o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Trascorrido o período de pago en voluntaria as débedas co Concello serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificacion.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao aveiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Bóveda, 28 de xullo de 2021.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 2296

LUGO

Anuncio

Queda aprobada definitivamente a modificación orzamentaria mediante a modalidade de Suplemento de Crédito - Crédito extraordinario núm. 2-2021 do vixente Orzamento Xeral, ao non haber reclamacións no prazo de exposición ao público, do acordo inicial de aprobación da mesma, acordo nº 1/92 adoptado en sesión plenaria ordinaria celebrada o día 24 de xuño de 2021, publicado no BOP nº 147 do 30 de xuño de 2021.

O resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos trala modificación aprobada é o seguinte:

ORZAMENTO DA PROPIA CORPORACIÓN (€)

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2021 (04/08/2021 08:00:00)

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO		CONSIGNACIÓN ACTUAL	MODIFICACION ORZAMENTARIA SC-CE 2-2021	CREDITOS TOTAIS TRALA INCIDENCIA DA MODIFICACIÓN
1.	**OPERACIÓNS CORRENTES**			
1	Gastos de Persoal	31.807.753,21		31.807.753,21
2	Gastos en bens correntes e servizos	59.217.482,68		59.217.482,68
3	Gastos financeiros	220.750,64		220.750,64
4	Transferencias correntes	8.525.675,30		8.525.675,30
5	Fondo de Continxencia a outros imprevistos	333.577,56		333.577,56
2.	Total operacións correntes	100.105.239,39		100.105.239,39
3.	**OPERACIÓNS DE CAPITAL**			
6	Investimentos reais	40.352.622,01	969.641,66	41.322.263,67
7	Transferencias de capital	1.419.759,52		1.419.759,52
	Total operacións de capital	41.772.381,53	969.641,66	42.742.023,19
	OPERACIÓNS FINANCIERAS			
8	Activos financeiros	1.750.000,00		1.750.000,00
9	Pasivos financeiros	733.203,84		733.203,84
4.	Total operacións financieiras	2.483.203,84		2.483.203,84
5.	**TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS**	**144.360.824,76**	**969.641,66**	**145.330.466,42**

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO		CONSIGNACIÓN ACTUAL	MODIFICACION ORZAMENTARIA SC-CE 2-2021	PREVISIÓNS TOTAIS TRALA INCIDENCIA DA MODIFICACIÓN
	OPERACIÓNS CORRENTES			
1	Impostos directos	38.429.459,51		38.429.459,51
2	Impostos indirectos	4.495.491,20		4.495.491,20
3	Taxas e outros ingresos	26.305.681,88		26.305.681,88
4	Transferencias correntes	24.318.147,20		24.318.147,20
5	Ingresos patrimoniais	745.000,00		745.000,00
	Total operacións correntes	94.293.779,79		94.293.779,79
	OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	Alleamento investimentos reais	0,00		0,00
7	Transferencias de capital	6.731.573,62		6.731.573,62
	Total operacións de capital	6.731.573,62		6.731.573,62
	OPERACIÓNS FINANCIERAS			
8	Activos financeiros	43.335.471,35	969.641,66	44.305.113,01
9	Pasivos financeiros	0,00		0,00
	Total operacións financieiras	43.335.471,35	969.641,66	44.305.113,01
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	**144.360.824,76**	**969.641,66**	**145.330.466,42**

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2021 (04/08/2021 08:00:00)

Lugo, 29 de xullo de 2021.- EXCMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ.

R. 2310

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

EXPOSICIÓN DA CONTA XERAL

Unha vez formada a Conta Xeral do exercicio 2020, integrada pola do Concello e pola do organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias, logo de ser ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas o 21/07/2021, exponse ó público, xunto cos xustificantes e o ditame da Comisión, polo prazo de quince días hábiles, para que durante os cales e oito días máis, os interesados poidan presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co artigo 212.3 do RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Monforte de Lemos, 28 de xullo de 2021.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 2297

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 26 de xullo do 2021, o REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA "MESTRE IBÁÑEZ", exponse ao público a efectos de información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días, contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales poderán presentarse reclamacións e suxestións, de conformidade co previsto no art.49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Monforte de Lemos, 28 de xullo de 2021.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 2298

MURAS

Anuncio

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 AXENTE DESENVOLVEMENTO LOCAL CON CARGO AO PROGRAMA DENOMINADO FOMENTO DE EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE LUGO CON CARGO AO PLAN UNICO 2021

1º.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto da convocatoria, a selección de persoal para contratación laboral por obras e servizos, en base os criterios de publicidade de convocatoria, mérito e capacidade dos candidatos de conformidade co establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Real Decreto Lexislativo 781/1986, texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións de aplicación.

En canto a regulación das condicións do contrato estarase ó disposto no Real decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto dos Traballadores.

2º.- Características do contrato.

A finalidade da contratación deste persoal dentro do programa de Fomento de Emprego da Excma. Deputación de Lugo con cargo ao Plan Unico 2021, é:

a) Prospección de recursos ociosos ou infrautilizados, de proxectos empresariais de promoción económica local e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego no ámbito local, identificando novas actividades económicas e posibles emprendedores, así como prospección das necesidades de persoal das empresas co obxecto de identificar novos nichos de emprego.

b) Difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre as persoas desempregadas, promotores e emprendedores, así como institucións colaboradoras, levando a cabo acciones de sensibilización cara á promoción dunha maior conciencia empresarial como oportunidade de emprego.

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2021 (04/08/2021 08:00:00)

c) Acompañamento técnico no inicio de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre os plans de lanzamento das empresas.

d) Apoio aos promotores das empresas, unha vez constituídas estas, acompañándoos tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento, mediante a aplicación de técnicas de consultoría en xestión empresarial e asistencia nos procesos formativos adecuados para contribuír á boa marcha das empresas creadas.

e) Xestión de axudas e subvencións tanto para empresas como para o propio Concello.

f) Calquera outra que contribúa á promoción e implantación de políticas activas de emprego, relacionadas fundamentalmente coa creación de actividade empresarial

As características da praza son as seguintes:

O tipo de contrato: obra ou servizo determinado.

Grupo 2. Técnico.

Retribución bruta mensual: 915,00€ incluíndo a parte proporcional das pagas extras.

Xornada de 30 horas semanas (75%)

Titulación: Estar en posesión ou en condición de obtela na data de terminación do prazo de presentación de instancias da titulación de Licenciado, Diplomado ou Grao en Relacións Laborais, Dereito, Ciencias Económicas ou Empresariais, calquera rama de Ciencias Sociais ou equivalente.

Duración do contrato: 9 meses desde a firma do contrato.

3ª.- Sistema de provisión.

Concurso-oposición

4º.- Requisitos dos solicitantes.

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir todas e cada unha das seguintes condicións:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio da función. As persoas con algunha minusvalía deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de minusválido e a súa compatibilidade acreditaránse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.

d) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

f) Pagar a taxa polo dereito de examen por importe de 6,00€ (excepto desempregados, previa xustificación), na seguinte conta do Concello, especificando no ingreso o nome e apelidos do participante, así como a praza á que aspira. ABANCA: ES4520800128113110000017

g) Os candidatos deberán acreditar estar en situación de desemprego ou mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa. Esta situación debe manterse durante todo o prazo de presentación de solicitudes e ata a sinatura do contrato.

h) Os nacionais dos demáis estados membro da Unión Europea ou os daqueles que teñan subscrito Tratados referentes á libre circulación coa Unión Europea ratificados por España, deberán acreditar de modo fidedigno non estar sometido a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu estado o acceso á función pública.

i) Deberase acreditar o coñecemento do idioma galego coa presentación dos cursos de formación CELGA 4 ou a súa validación. No caso de non atoparse este requisito, deberán realizar unha proba de coñecemento do idioma.

j) Estar en posesión da titulación de Licenciado, Diplomado ou Grao en Relacións Laborais, Dereito, Ciencias Económicas ou Empresariais, calquera rama de Ciencias Sociais ou equivalente ou estar en condicións de obtelo, expedido conforme á lexislación vixente. En caso de titulacións obtidas no extranxeiro, se deberá estar en posesión das credenciais que acrediten súa homologación.

O cumprimento das referidas condicións entenderase referido a data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2021 (04/08/2021 08:00:00)

5ª.- Solicitudes.

As solicitudes para tomar parte nesta convocatoria deberán formularse en instancia dirixida ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Muras, segundo modelo que se facilitará nas oficinas municipais en horario de apertura ó público no rexistro xeral do Concello de Muras ou na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte ao do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

O horario de presentación no rexistro do Concello é de luns a venres de 8:00 a 14:00 horas.

Á instancia unirase:

1.- Fotocopia do DNI.

2.- Fotocopia do carnet de conducir.

3.- Fotocopia do título académico.

4.- No seu caso, acreditación do nivel de coñecemento do galego.

5.- Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento de presentación da instancia.

6.- Xustificante de estar anotado na Oficina de emprego como demandante de emprego. 7.- Declaración xurada sobre os seguintes aspectos:

- non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.

- disposición de vehículo para realizar os desprazamentos propios das funcións do posto de traballo.

- non ter sido separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas, nin atoparse inhabilitada para o exercicio de funcións públicas.

- non atoparse incursa en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde-Presidente dictará resolución, no prazo de cinco días, que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluidos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando un prazo improrrogable de 10 días hábiles seguintes á publicación de dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do artigo 68.1 da LPACAP. De non existir persoas excluidas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de enmenda de defectos, o Alcalde-Presidente declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluidos, que se publicará na sede electrónica do Concello e na páxina web do mesmo. Na dita resolución fixarase o lugar, data e realización das probas e establecerase a composición do Tribunal cualificador.

6º.- Tribunal cualificador.

O tribunal cualificador estará constituído por un Presidente, tres Vogais e un secretario que serán designados polo Alcalde-Presidente. O secretario deberá ser funcionario de carreira.

Tódolos membros do Tribunal deberán ter titulación igual ou superior ao esixido para o posto convocado, a súa composición tenderá a ser paritaria ente homes e mulleres.

Os membros do Tribunas deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, así mesmo, poderán ser recusados polos aspirantes cando concorran causas previstas no artigo 24 da dita Lei.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar senón conta coa asistencia de mais da metade dos seus membros titulares ou suplentes, indistintamente; en todo caso requírese a presenza de Presidente e Secretario, na súa ausencia o Presidente será substituído polo vocal de maior idade e o Secretario polo vocal de menor idade.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que o estimen necesario. Ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas.

O Tribunal terá a categoría correspondente ó establecido no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, percibindo os seus membros e asesores pola asistencia ás sesións as contías establecidas en dito Real Decreto.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros asistentes, as dúbidas e incidencias que se produzan na aplicación das presentes bases e no desenvolvemento do procedemento de selección, así como adoptar as medidas necesarias ao efecto.

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2021 (04/08/2021 08:00:00)

7º.- Selección de aspirantes.

A hora e lugar de inicio das probas será publicada na sede electrónica do concello de Muras e na páxina web do Concello, os anuncios relativos ao desenvolvemento de probas, data, hora e resultados posteriores publicaranse na sede electrónica do Concello.

Pola situación sanitaria e para evitar desprazamentos, poderánse levar a cabo todas as probas no mesmo día.

A selección de aspirantes realizarase nas seguintes fases:

7.1 Primeira fase, FASE DE CONCURSO.- A fase de concurso non terá carácter eliminatorio. O resultado da mesma publicarase no taboleiro de anuncios da sede electronica do concello. Os méritos aos que se fai referencia neste apartado deberán posuírse á data de valoración dos mesmos polo Tribunal cualificador, computándose ata a dita data. Non se valorará ningún mérito que non estea presentado correctamente na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

O Tribunal puntuará os méritos acreditados polos aspirantes, conforme ao sinalado no presente baremo:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL: (ata un máximo de 5 puntos):

- Por servizos prestados en postos de idénticas ou similares características noutra Administración Pública: 0,10 puntos por cada mes completo de servizo. Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

- Por servizos prestados en postos de idénticas ou similares características no sector privado: 0,05 puntos por cada mes completo de servizo. Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

No caso de servizos por conta allea, deberán presentarse obrigatoriamente os seguintes documentos: (hai que presentar as dúas cousas para que se podan valorar)

a) Informe de vida laboral

b) copia do/s contrato/s de traballos.

Estes documentos poden sustituírse por un certificado de servizos expedido pola administración ou empresa privada, no que quede acreditado de forma clara e expresa, a ocupación, grupo de cotización, período traballado e número de horas da xornada laboral. No caso de autónomos, acreditarán a experiencia mediante o informe de vida laboral, así como o xustificante de alta no IAE, contrato de arrendamento de servizos, declaración responsable ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade realizada e o tempo de duración da mesma.

B) FORMACIÓN:(ata un máximo de 5 puntos):

Diplomatura, Masters, cursos, xornadas ou similares relacionados directamente cas funcións a desempeñar, valoraranse con arranxo á seguinte escala:

- Diplomatura, Master ou postgrao: 0,75 puntos

- De máis de 100 horas: 0,50 puntos.

- De 40 a 100 horas: 0,25 puntos.

- De 20 a 39 horas: 0,15 puntos.

Acreditaránse mediante copia do título ou certificado oficial acreditativo dos mesmos. Non se valorarán aqueles cursos que non teñan establecidas claramente as horas nin os que teñan máis de 15 anos de antigüidade

7.2 Segunda fase: FASE OPOSICIÓN

Para poder realizar o exercicio da oposición os aspirantes deberán ir provistos dun documento identificativo da persoa (DNI ou semellante), e bolígrafo de cor azul. O procedemento selectivo consistirá na realización dos seguintes exercicios:

a) Contestación escrita a un test proposto polo tribunal sobre o programa do Anexo da convocatoria. O tempo máximo de realización será de dúas horas e a puntuación máxima será de 60 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 30 puntos. O Total de preguntas a formular, con tres respostas alternativas, das que unha delas será a correcta, será de 60. Cada pregunta acertada puntuarase con 1 punto. As respostas incorrectas ou non contestadas non restarán puntos.

b) Realización dunha proba práctica proposta polo Tribunal relacionada cos traballos a realizar, que constara de un ou varios exercicios prácticos nos que se avaliará o coñecemento e experiencia no desempeño do posto de traballo, entre 0 e 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos.

7.3 Exercicio común e obrigatorio par tódolos candidatos que non acrediten o coñecemento do galego no nivel Celga 4 ou equivalente (curso de iniciación de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2021 (04/08/2021 08:00:00)

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal. Esta proba terá unha duración de 20 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, o tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

7.4 Cualificación final.

A cualificación final dos aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na totalidade do proceso, publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación. O Tribunal proporá o nomeamento ao órgano correspondente dos aspirantes que acaden a maior puntuación.

Determinarase tamén unha lista de espera, por orde decrecente de puntuación, cos aspirantes que, tendo superado o proceso, non acaden suficiente puntuación para seren propostos. Esta lista de espera, elabórase aos efectos de cubrir posibles vacantes que se produzan ou ausencias por disfrute de licencias regulamentarias, necesidades do servizo, así como se se producira a baixa o renuncia dos seleccionados. A publicación das listas realizarase no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web. O rexeitamento na chamada provocará que o aspirante pase ao final da lista. En caso de empate, dilucidaráse o mesmo do seguinte xeito:

1º- maior puntuación na fase de oposición.

2ª- maior puntuacióna fase de concurso.

3ª de persistir o empate, o mesmo resolverase mediante un sorteo.

A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que prazas convocadas.

8º.- Presentación de documentos e formalización de contrato.

Con carácter previo a formalización do contrato os aspirantes seleccionados deberán xustificar adecuadamente no prazo máximo de tres días naturais contados a partir da publicación da resolución da convocatoria, que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións esixidas, a tal efecto, de non tela feito con anterioridade, deberán presenta-la seguinte documentación.

- Fotocopia compulsada do D.N.I.
- Copia auténtica ou fotocopia compulsada da titulación esixida.
- Declaración xurada de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade.
- Declaración xurada de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade.
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas do posto de traballo que se convoca, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos facultando á Alcaldía-Presidencia para formalizar contrato co aspirante seguinte da lista final establecida polo Tribunal.

Logo de formalizada a proposta do Tribunal e achegada a documentación polos aspirantes propostos, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo dentro do prazo de tres días.

9º.-Protección de Datos de Carácter Persoal

O responsable do tratamento é o Concello de Muras, que tratará os datos persoais coa finalidade de xestionar o proceso selectivo correspondente, de acordo coa normativa vixente e as bases da convocatoria. A lexitimidade do tratamento baséase no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos. De acordo co artigo 6.1 c) do RGPD, o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ó responsable do tratamento, así como para o cumprimento dunha misión realizada en interese público (artigo 6.1 e), segundo as competencias atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como pola normativa que regula o emprego público.

Os datos persoais serán conservados mentres poidan derivarse responsabilidades e durante os prazos de prescrición de reclamacións e/ou recursos.

Os datos persoais non serán comunicados a terceiros, salvo obriga legal ou por razón de interese público. Non obstante, serán publicados de acordo co establecido nas bases da convocatoria, segundo os principios de publicidade e transparencia recoñecidos na lexislación reguladora do acceso ó emprego público, tendo en conta o disposto pola normativa de Protección de Datos.

Non se realizarán transferencias internacionais de datos. Pódense exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación, cando procedan, ante o Concello de Muras, en Praza da Galeguidade, 4, 27836 Muras, Lugo, Lugo, ou a través da Sede Electrónica: https://muras.sedelectronica.gal/

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2021 (04/08/2021 08:00:00)

10º.- Bolsa de traballo

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos e presentados no procedemento selectivo (excluidos os seleccionados) e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzcan ou as ausencias por desfrute de licencias regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou as baixas ou renuncia dos seleccionados. A orde de chamamento dos aspirantes será pola orde de puntuación obtida e terá caracter rotatorio.

11º.- Abstención e recusación.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

12º.- Recursos.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Muras, 17 de xuño de 2021.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo

TEMARIO.

1. A Constitución española de 1978. Estructura e contido. Principios xerais. A reforma

constitucional. Dereitos e deberes fundamentais.

2. O réxime local español. A administración local na Constitución. O principio da autonomía local. A Provincia e outras Entidades Locais: Referencia á Lei de

Administración Local de Galicia con respecto a ditas entidades locais.

3. O procedemento administrativo: A iniciación do procedemento. A terminación do procedemento. A terminación convencional. A falta de resolución expresa. O réxime do silencio administrativo. O desestimento e a renuncia. A caducidade.

4. O acto administrativo. Requisitos e eficacia dos actos administrativos. A validez do acto administrativos. Supostos de nulidade e anulabilidade.

5. A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e bo goberno.

6. A Lei de protección de datos de carácter persoal: principios de protección de datos e dereitos das persoas.

7. O desenvolvemento local: orixe e causas. Obxectivos. Concepto e características significativas do modelo de desenvolvemento local. Recursos.

8. O axente de desenvolvemento local: tipoloxía e formas de intervención. Programas básicos dunha estratexia de desenvolvemento local.

9. Políticas de estabilización e de crecemento económico e a súa relación co desenvolvemento local. Razóns do crecemento económico. Relación entre crecemento da poboación e crecemento económico.

10. Concepto de desenvolvemento endóxeno. Organización e sistemas de produción local. O desenvolvemento asociado ós conceptos de cultura e sociedade. A dimensión territorial e urbana do desenvolvemento.

11. Normativa comunitaria en materia de libre circulación de traballadores, liberdade de establecemento e libre prestación de servizos. Dereitos e deberes dos estranxeiros residentes en España. O acceso ao traballo en España: permisos de traballo e excepcións. Autorizacións para traballar para colectivos determinados.

12. Dereitos e deberes do empresario e traballadores no ordenamento xurídico español. O salario mínimo interprofesional (SMI).

13. O indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

14. As empresas de traballo temporal: regulación actual. Axencias de colocación: réxime xurídico.

15. As políticas activas de emprego na empresa. Fomento da contratación estable. Modalidades, requisitos e contía das axudas. Beneficiarios. Colectivos cuxa contratación xera dereito a axuda.16. Programas de cooperación da Xunta de Galicia coas entidades locais.

17. O emprendedor, tipos de emprendedores. Características. A transición de emprendedor a empresario.

18. O perfil de emprendedor e a maduración de ideas.

19. O Plan de negocio. Definición e estrutura. Viabilidade económica e financeira dun proxecto.

20. Diferentes tipos de empresas segundo a súa forma xurídica.

21. A franquía. A empresa familiar.

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2021 (04/08/2021 08:00:00)

22. As incubadoras ou aceleradoras de empresas

23. Axudas para a promoción de emprego autónomo.

24. Empresas de economía social. Conceptos e incentivos.

25. Iniciativas locais de emprego e axentes de emprego e iniciativas de base tecnolóxicas.

26. Emprego e inclusión social: programas de integración social do discapacitado a través do traballo autónomo

27. A formación profesional para o emprego. A formación profesional regrada. A formación ocupacional.

28. Os certificados de profesionalidade. Carnes profesionais.

29. Programas de emprego-formación. Bases de formación profesional dual. Obradoiros de emprego e programas de garantía xuvenil garantía xuvenil

30. Axudas a Pemes. Solicitude de axudas. Medidas de apoio económico: préstamos, subvencións e capital de risco. Organizacións de apoio ao emprendedor.

31. Seguridade e hixiene no traballo. A lei de prevención de riscos laborais. Actuacións das administracións públicas: competencias. Dereitos e obrigacións dos traballadores e empresarios en materia de prevención. Os servizos de prevención de riscos. Participación dos traballadores.

32. A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. O Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

33. Orixe dos organismos internacionais encargados do desenvolvemento. Pilares básicos da Política Estrutural Europea. Tipoloxía das intervencións financiadas polos Fondos Europeos.

34. Fondos estruturais da Unión Europea para o período 2007-2013: obxectivos e instrumentos. Criterios de subvencionalidade. Principios aplicables ás axudas.

35. Directrices Estratéxicas Comunitarias en materia de cohesión económica, social e territorial para o período 2007-2013.

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2021 (04/08/2021 08:00:00)

ANEXO : Modelo de declaración xurada.

D./Dona .....

con DNI ....., e enderezo en r/ .....

..... , Municipio ..... Código postal ..... .

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Primeiro: que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

Segundo: que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servicio de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.

En Muras, a ..... de ..... de 2021.

(Asinado polo/a interesado/a)

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2021 (04/08/2021 08:00:00)

Solicitude de admisión ao proceso selectivo para a contratación laboral temporal axente desenvolvemento local con cargo ao Plan único 2021 da Deputación de Lugo.

D./Dona .....

con DNI ....., con domicilio a efectos de notificación en .....

..... e teléfono nº .....,

EXPÓN:

1. Que tendo coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Muras para a contratación laboral temporal do posto de traballo de ....., acepta as bases da convocatoria que declara coñecer.

2. Declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base terceira da convocatoria.

3. Que se compromete, para ó caso de resultar contratado/a, a respeta-los dereitos das persoas con estrita observancia da Constitución e da Lei.

4. Que achega coa presente instancia a seguinte documentación:

- Copia do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- Declaración xurada segundo o Anexo adxunto.
- Relación de méritos e documentación xustificativa dos mesmos para valoracións na fase de concurso.
- Copia da documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega segundo o establecido na base terceira (de selo caso).

.....
.....

Por todo exposto,

SOLICITA:

Que se teña por presentada a presente instancia e sexa admitido/a no proceso selectivo convocado.

Muras, a ..... de ..... de 2021

(Asinado polo/a interesado/a)

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Muras

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2021 (04/08/2021 08:00:00)

Muras, 28 de xullo de 2021.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2299

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ourol en sesión extraordinaria celebrada o día 2 de xullo de 2021, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de XUÑO de 2021 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de tres mil douscentos dez euros con sete céntimos (3.210,07 €), correspondendo mil douscentos noventa e sete euros con cincuenta céntimos (1.297,50 €) a libre concorrencia e mil novecentos doce euros con cincuenta e sete céntimos (1.912,57 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 22 de xullo de 2021.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 2300

O SAVIÑAO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario data 11 de xuño de 2021 sobre o expediente de modificación de créditos 12/2021 na modalidade de suplemento de crédito (Expediente 491/2021), que se fai público resumido por capítulos:

ESTADO DE GASTOS		
	CRÉDITOS INICIAIS	**CRÉDITOS DEFINITIVOS**
Capítulo 1: Gastos de persoal	576.007,96	576.007,96
Capítulo 2: Compra de bens e servizos	2.110.792,04	2.141.585,00
Capítulo 3: Gastos financeiros	3.500,00	3.500,00
Capítulo 4: Transferencias correntes	70.700,00	70.700,00

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2021 (04/08/2021 08:00:00)

Capítulo 5: Fondo de continxencia e outros	0,00	0,00
Capítulo 6: Investimentos reais	127.000,00	509.052,39
Capítulo 7: Transferencias de capital	0,00	0,00
Capítulo 8: Activos financeiros	0,00	0,00
Capítulo 9: Pasivos financeiros	0,00	0,00

ESTADO DE INGRESOS		
	CRÉDITOS INICIAIS	**CRÉDITOS DEFINITIVOS**
Capítulo 1: Impostos directos	970.000,00	970.000,00
Capítulo 2: Impostos indirectos	25.000,00	25.000,00
Capítulo 3: Taxas, presos públicos e outros ingresos	440.954,18	440.954,18
Capítulo 4 :Transferencias correntes	1.629.045,82	1.629.045,82
Capítulo 5: Ingresos patrimoniais	0,00	0,00
Capítulo 6: Alleamento de investimentos reais	0,00	0,00
Capítulo 7: Transferencias de capital	0,00	0,00
Capítulo 8: Activos financeiros	0,00	412.845,35
Capítulo 9: Pasivos financeiros	0,00	0,00

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso- administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

De conformidade co establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

O Saviñao, 28 de xullo de 2021.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2301

VIVEIRO

Anuncio

Dona MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO.

No Boletín Oficial da Provincia número 119, de 28 de maio de 2021, publica a convocatoria do proceso para a selección de **UN XEFE DE BRIGADA**, que prestará servizos temporais no Concello de Viveiro, ao amparo do Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais 2021. Expte.: 2369/2021.

Vistas as bases xerais e específicas que teñen por obxecto establecer o procedemento de selección a empregos temporais do Concello de Viveiro para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2021.

Tendo en conta que un posto de xefe de brigada está vacante.

Tendo en conta que o proceso selectivo responde á urxencia para a contratación de persoal para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2021 segundo os prazos estipulados no Convenio de Colaboración polo que se regula e financia esta contratación.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Establecer un novo prazo de presentación de solicitudes para a selección de persoal, con carácter temporal, para un posto de un xefe de brigada, de **2 (DOUS) DÍAS HÁBILES**, pola urxente e inaprazable

Anuncio publicado en: Num BOP 177 año 2021 (04/08/2021 08:00:00)

necesidade, contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

SEGUNDO.- Indicar que as bases xerais, anexo e bases específicas polas que se establecen as normas para a selección de un xefe de brigada, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2021, figuran publicadas no taboleiro de anuncios dixital e na páxina web municipal www.viveiro.es.

Viveiro, 30 de xullo de 2021.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante mín, A secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018. María Luz Balsa Rábade.

R. 2329

CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

Mediante Resolución da Presidencia do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento de data 20 de xullo de 2021, procedeuse á aprobación da convocatoria do procedemento selectivo para a provisión dunha praza de Técnico/a de Administración Xeral para o Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

BASES DA OPOSICIÓN LIBRE PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDADE DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

1. NORMAS XERAIS

1.1. As presentes bases rexerán a convocatoria das probas selectivas para cobertura de 1 praza de Técnico/a de Administración Xeral, Subgrupo A1, Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, correspondentes á Oferta de Emprego Público do Consorcio Povincial para 2021.

1.2. Ás probas selectivas seralles de aplicación a Lei 30/84, do 2 de agosto; a Lei 7/85, do 2 de abril; R.D.L. 781/86, do 18 de abril; R.D. 896/91, do 7 de xuño, o R.D. 364/95, do 10 de marzo, R.D.L. 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e as Bases da presente convocatoria.

2. REQUISITOS

2.1. Para ser admitidos/as á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no art. 57 do R.D.L. 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

